

## CIG-SAÚDE ASINA UN ACORDO DE MELLORA NAS CONDICIÓN DE TRABALLO E RETRIBUTIVAS PARA TODAS AS CATEGORÍAS

**CIG-Saúde** forzamos na mesa sectorial do 20 de abril a negociación coa presenza do Conselleiro de sanidade, coa posibilidade dunha convocatoria de folga enriba da mesa.

Despois de 11 horas e de presionar ata o último momento, asinamos un acordo que ademais de melloras retributivas para todas as categorías, recolle melloras nas condicións de traballo.

✦ **Mellora retributiva en todas as categorías na atención continuada**, nocturnidade, festividade e gardas.

- Unha parte aplicarase a partir do 01/07/2023
- A totalidade da mellora a partir do 01/01/2024

✦ **Descansos e organización das gardas.** Actualización da normativa de gardas localizadas e descansos. En xuño de 2023.

✦ **24 e 31 de decembro:** pago de un festivo en todas as categorías.

✦ **Turnicidade** en atención primaria para quendas de tarde e deslizantes. Para o 01/01/2024.

✦ Mellora retributiva da turnicidade nun 7,9%. Para o 01/01/2024.

✦ **Xornada laboral.** Consequimos a xornada equivalente a 35 horas da que se negaban a falar, en base a redución progresiva da xornada anual en 112 horas, a razón de:

- 21 horas (3 días) no 2023
- 49 horas (7 días) no 2024
- 42 horas (6 días) no 2025

**Continuaremos traballando para mellorar as condicións de  
traballo na atención primaria e na atención hospitalaria!**